



O Concello de Boiro xa recibe os servizos de R

Xoves, 29 de maio de 2008

Uns 2.380 fogares e empresas de Boiro disporán de conexión directa á rede de R para acceder aos servizos integrados de teléfono, internet de alta velocidade, televisión dixital e móbil R

_Obras de canalización: na actualidade estanse a executar na Avenida Barraña.

- _5,7 quilómetros de obra civil (execución total prevista)
- _4,4 quilómetros de fibra óptica (despregamento total previsto)

_Investimento total previsto: 3,64 millóns de euros

_Cabina telefónica: xa está instalada unha cabina telefónica na rúa Principal.

Novos servizos por fibra óptica

Grazas á nova e potente rede de fibra óptica que **R** está a construír, rúa a rúa, os habitantes de Boiro disporán de chamadas gratis a todos os fixos nacionais e de internet de alta velocidade constante por fibra óptica. Ademais, dende o pasado ano xa está en marcha o novo servizo de televisión dixital interactiva con calidade de imaxe e son dixitais por fibra óptica, máis dun cento de canles, guía e miniguía electrónicas de programación e múltiples posibilidades de interactividade. E tamén xa se

pode contratar o servizo de **móbil R**, integrado así mesmo na oferta de telecomunicacións do operador galego. Os clientes de **móbil R** poden chamar a 0 céntimos/minuto a todos os móbiles e fixos do mesmo contrato se teñen contrato de móbil e fixo (1). O operador galego ofrece, ademais, tarifas flexibles e decrecentes, de xeito que a máis chamadas realizadas e mensaxes enviadas, a tarifa diminúe.

A conexión do Concello de Boiro á rede troncal de fibra óptica de **R** enmárcase dentro do acordo firmado entre **R** e a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia para que a banda ancha chegue a toda a xeografía galega.

R na provincia de A Coruña

Ademais de dar servizo en Boiro, **R** está a despregar a súa rede noutras localidades coruñesas que disporán da oferta de **R** antes de que finalice 2008. Na actualidade **R** dá servizo tamén en A Coruña, Santiago, Ferrol, Oleiros, Culleredo, Cambre, Arteixo, Ames, Betanzos, Narón, As Pontes, Cedeira, Carballo, Fene, Laracha, Miño, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada, Bergondo e Arzúa, onde, xunto con Boiro, xa se investiron preto de 293,5 millóns de euros. Nestos momentos **R** ten na provincia 111.511 clientes fogares e locais empresariais.

Así mesmo, no plan de extensión do operador galego tamén figuran as localidades de Brión, Malpica, Mugardos, Neda, Melide, Negreira, Noia, Ponteceso, Pontecesures, Rianxo, Teo, Carral e Abegondo, que se incorporarán á rede antes do remate do 2008. Cando se complete o despregamento da fibra óptica en todas as cidades da provincia de A Coruña incluídas no plan de **R**, terase investido un total duns 337 millóns de euros que lles permitirán a uns 412.700 fogares e locais empresariais quedar preparados para recibir os servizos do operador galego.

(1) Duración máxima de cada chamada, 60 minutos; custo de establecemento, 15 céntimos; tarificación por segundos, chamadas internacionais non incluídas.